



**D. Emilio Seijo Frías, Secretario do Concello de Sada (A Coruña),**

**CERTIFICO:** Que o día 03/11/2017, o sr. Alcalde ditou a resolución 1881/2017 que a continuación se transcribe literalmente:

**“DECRETO. Cumprimento das condicións establecidas na Orde de 11-10-2017 da Consellaría de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para a aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación Municipal.**

Mediante escrito rexistrado o día 30-10-2017 co número 9.065, a empresa Monteoliva Arquitectura, S.L.P., redactora do Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado provisionalmente polo Pleno desta Corporación o día 25-5-2017 e aprobado definitivamente de forma parcial e condicionada por Orde de 11-10-2017 da Consellaría de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, presenta o documento denominado Separata de Aprobación Definitiva Parcial, que contén as correccións efectuadas en dito Plan en cumprimento das condicións establecidas pola citada Orde de 11-10-2017, separata que consta da seguinte documentación:

- Índice xeral
- Tomo IV: Normativa
- Tomo V: Anexos á Normativa
- Planos do estudo do modelo de asentamento: A-08-01, A-08-03 e A-08-05
- Planos de estrutura xeral: EX-01, POL e ZA-01
- Planos de ordenación detallada: OD-Z-A1, OD-Z-A2, OD-X-A1 e OD-X-A2

Considerando que dita separata acredita o correcto cumprimento das condicións establecidas na Orde de 11-10-2017 da Consellaría de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, pola presente resolvo prestarlle aprobación e dispoñer a súa remisión á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo para o trámite correspondente.-

”

E para que así conste e produza os efectos que proceda, expido a presente de orde e co visado do sr. Alcalde, en Sada, na data de sinatura dixital.-

Mediante o Código de verificación (CVD) impreso no lateral esquerdo deste documento, pódese verificar a integridade e autenticidade do mesmo na sede electrónica municipal: <http://sede.sada.es>.